



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ROIS PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SOCIAL DE ERMEDELO, LUGAR DE SABACEDO, PARROQUIA DE URDILDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Rois o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Rois para o acondicionamento do local social de Ermedelo, lugar de Sabacedo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Rois conta co local de Ermedelo, que precisa de obras urxentes de mantemento e posta en funcionamento, tanto no interior como no exterior, así como a reparación das escaleiras exteriores de acceso e actuacións de mellora de accesibilidade. Con estas obras conséguense espazos polivalentes que poden albergar actividades culturais, educativas, sociais e veciñais, dando resposta ás esixencias da poboación. Este tipo de centros exercen un gran impacto positivo na calidade de vida dos habitantes .

Por todo o anterior, o concello de Rois é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

